

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES CHAN DO MONTE  
CURSO: 3º E.S.O.  
MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA  
DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA  
DATA:08/04/22

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</b>	
<b>1º Avaliación</b>	<p>Cálculo da nota da 1º avaliación:</p> <p>Probas de contidos escritos e orais: 75%  Aportacións resultado da observación diaria: caderno aula: 15%  Traballos individuais/grupo: 10%</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 1º avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de Proba escrita</li> </ul>
<b>2º Avaliación</b>	<p>Cálculo da nota da 2º avaliación:</p> <p>Probas de contidos escritos e orais: 75%  Aportacións resultado da observación diaria: caderno aula: 15%  Traballos individuais/grupo: 10%</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 2º avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de Proba escrita</li> </ul>
<b>3º Avaliación</b>	<p>Cálculo da nota da 3º avaliación:</p> <p>Probas de contidos escritos e orais: 75%  Aportacións resultado da observación diaria: caderno aula: 15%  Traballos individuais/grupo: 10%</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 3º avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de Proba escrita</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Unha vez realizada a 3ª avaliación, os alumnos/as que superen a media das tres avaliacións terán o curso aprobado e a cualificación final se lles calculará como a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións, redondeando ao enteiro máis próximo. Para este alumnado, para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final, propoñeranse a realización de boletíns de actividades de ampliación, que poderán supoñer a subida de ata 1 punto, na nota media total da materia. Aquel alumnado que quixese incrementar en maior medida a nota media, poderá presentarse á proba escrita prevista para o procedemento de recuperación de avaliacións, en cuxo caso a nota desa proba representará o 90% da nota e o boletín de actividades o 10%.</p> <p>Unha vez realizada a 3ª avaliación, para aqueles alumnos/as que non superen a media das tres avaliacións, propoñeranse os seguintes instrumentos e criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Boletíns de actividades de reforzo e recuperación da ou das avaliacións suspensas: suporá o 25% da nota de recuperación desa/s avaliación/s.</li> <li>- Proba escrita: suporá o 75 % da nota de recuperación desa/s avaliación/s.</li> </ul> <p>Nese momento, os alumnos/as que superen a media das tres avaliacións terán o curso aprobado e a cualificación final se lles calculará como a media aritmética</p>

	das cualificacións das tres avaliacións, redondeando ao enteiro máis próximo.
<b>Proba extraordinaria para BAC</b>	Consistente en: Non aplica
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:  <ul style="list-style-type: none"> <li>- Boletíns de traballos: suporán o 40% da nota final da materia.</li> <li>- Probas escritas: 60% da nota final da materia. No caso de que o alumno/a non se presente ou sexa avaliado negativamente, realizará unha proba final en xuño, das partes suspensas.</li> </ul> <p>Os alumnos/as que superen a media das dúas partes, antes da proba final, terán o curso aprobado e a cualificación final se lles calculará como a media aritmética das cualificacións dos parciais, redondeando ao enteiro máis próximo. Para este alumnado propoñeranse a realización de boletíns de actividades de ampliación, que poderán supoñer a subida de ata 1 punto, na nota media total da materia.</p>
	Procedementos e instrumentos de avaliación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Boletíns de traballos: Consta de dous boletíns cos mínimos esixibles da materia.</li> <li>- Probas escritas: Para a cualificación dos alumnos/as, a materia será dividida en dúas partes (cada parte representará o 30% da nota). No caso de que o alumno/a non se presente ou sexa avaliado negativamente, realizará unha proba final, das partes suspensas, no mes de Xuño.</li> <li>- Boletíns de ampliación: para o alumnado que teña superada a materia antes da proba final de Xuño.</li> </ul>

<b>2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)</b>	
<b>Metodoloxía</b>	Proposta de actividades que viren en torno á formulación de problemas, de modo que o grupo, os subgrupos de traballo ou cada alumno/a asuman, é dicir, participen do proceso, efectuando a súa propia actividade e aprendendo dela. Neste sentido, sería conveniente potenciar as metodoloxías activas, traballando con tarefas ou proxectos que combinen tanto traballo individual como cooperativo e cuxo carácter integrador e globalizador facilite a inclusión, a interacción e tamén a adquisición das competencias claves.
<b>Actividades tipo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de ampliación: Lecturas de novas; traballos de investigación; exposicións orais de conclusións; boletíns de traballo...</li> <li>- Actividades de reforzo e recuperación: Boletíns de traballo; realización</li> </ul>

	de esquemas e resumos; identificación de diferentes estruturas en imaxes...
<b>Materiais e recursos</b>	Recursos dixitais; ordenadores do equipamento aulas TIC; fichas interactivas, boletíns de traballo; libro de texto; apuntamentos e esquemas; presentacións de imaxes; aula virtual; vídeos; coleccións de rochas e minerais do laboratorio de Bioloxía.
<b>2.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)</b>	
<b>Metodoloxía</b>	Non aplica
<b>Actividades tipo</b>	Non aplica
<b>Materiais e recursos</b>	Non aplica
<b>2.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC (Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)</b>	
<b>Metodoloxía</b>	Non aplica
<b>Actividades tipo</b>	Non aplica
<b>Materiais e recursos</b>	Non aplica